

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 DE AGOSTO DE 2024 realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do ascensor inclinado sito na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Menéndez Pelayo e Camelias" (1888-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial o 5 de agosto de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do ascensor inclinado sito na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Menéndez Pelayo e Camelias" (1888-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	149.936,69 €

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos na cláusula 18 do PCAP, conséntase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	60,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (25,82 puntos), a puntuación total é a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/08/2024 10:55	Páxina 1 de 3
1888-441	CSV: ABA453-343B46-4HA32A-W82869-2D1V68-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	25.82	60.00	85.82

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1938-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	85,82

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/08/2024 10:55	Páxina 2 de 3
1888-441	CSV: ABA453-343B46-4HA32A-W82869-2D1V68-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ÁREA DE
CONTRATACIÓN

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

ASINADO POR: TÉCNICA DE ADMINISTRACION XERAL - (MARÍA DOLORES SOTELO GALLEGO) 08/08/2024 13:53:13

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/08/2024 10:55

Páxina 3 de 3

1888-441

CSV: ABA453-343B46-4HA32A-W82869-2D1V68-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>